

BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

16

O BOLETÍN

UVIGO/HUMANA

BENVIDOS/AS

Con este novo boletín queremos dar a coñecer á comunidade universitaria as actividades de acción solidaria, voluntaria e de cooperación no marco da Axenda 2030 organizadas pola Universidade de Vigo, así como aquelas impulsadas por outras administracións, entidades sociais e ONGD da nosa contorna.

Se es membro da comunidade universitaria ou pertences a unha ONGD ou entidade social e queres dar a coñecer entre a comunidade universitaria a túa iniciativa de acción solidaria, contáctanos en:

Área de Equidade e Diversidade.

[+ Info direc.equidade@uvigo.gal](mailto:direc.equidade@uvigo.gal)

A UNIVERSIDADE E A AXENDA 2030 DAS NACIÓNS UNIDAS

A Universidade, na súa calidade de axente de cambio social e desenvolvemento, está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas. Entre outras cousas, isto significa que ten a responsabilidade de poñer en contacto á comunidade universitaria con diversas entidades sociais baixo os principios e obxectivos recollidos na Axenda 2030. En consecuencia, a política de responsabilidade social da Universidade debe estar orientada cara a consecución dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS), coa fin de xerar condicións que contribúan a acadar un mundo máis xusto, igualitario, solidario e sostible.

[+Info](#)

AXENDA

MARZO

Por e para as mulleres

| L | M | MÉ | X | V | S | D |
|----|---|---------------------------------------|---------------------------------------|---|--|------------------------------------|
| | | | | 1 | 2 | 3 Día Mundial da Vida Silvestre |
| 4 | 5 Día Internacional para Concienciar sobre o Desarme e a Non Proliferación | 6 | 7 | 8 Día Internacional da Muller | 9 | 10 Día Internacional das Xuízas |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 Día Internacional para Combatir a Islamofobia | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 Día Internacional da Felicidade | 21 Día Mundial do Síndrome de Down | 22 Día Mundial da Auga | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 Día Internacional de Cero Refugallos | 31 |

CHAVES DESTE NÚMERO

Comezan as actividades do voluntariado Axentes do Cambio

O programa de voluntariado "Axenda 2030. Axentes de cambio" dá co- mezo ás súas actividades de sensi- bilización cos Obxectivos de Desen- volveemento Sostible en todos os campus da Universidade de Vigo. O voluntariado está aberto á participa- ción estudantil e as labores son con- cienciar á comunidade universitaria das metas da Axenda 2030, facer campaña polas redes sociais e infor- mar de maneira amena e dinámica sobre a necesidade de cooperación e responsabilidade social. Haberá stands informativos nos campus

para que o estudantado acuda e aprenda sobre a Axenda 2030 e todas as accións que se poden levar a cabo para acadar os ODS. Para estar ao corrente de todas as actividades que se van a realizar, podes atopar aos axentes do cambio nas redes sociais, no seu [Instagram](#).



PROXECTOS

Galicia Abriga, primeiro programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos. Este proxecto nace en 2024 para que mulleres de organizacións e movementos sociais de países nos que a Cooperación Galega ten presenza poidan evadirse temporalmente dos riscos que vulneran a súa integridade física e psicolóxica, riscos que lles resultan recorrentes debido ao seu labor como defensoras de dereitos. O equipo xestor de Galicia Abriga está conformado polas ONGDs galegas Solidariedade Internacional de Galicia,

Ecos do Sur e Agareso, co apoio dunha rede formada por 15 organizacións galegas e universidades, entre elas a Universidade de Vigo. Espérase que as mulleres cheguen a Galicia entre abril e maio deste ano, para retornar aos seus países de orixe no verán.

[+Info](#)



FORMACIÓN

Programa formativo «A Cooperativa Alternativa de Emprego para a Mocidade». A


Unión de Cooperativas EspazoCoop presenta este programa formativo que se imparte nos meses de febreiro e marzo de 2024 e que ofrece 3 cursos de teleformación gratuítos a través da Aula Virtual de EspazoCoop. Está dirixido a persoas mozas que se atopan buscando emprego, persoas emprendedoras, persoas ocupadas e con interese en desenvolver un proxecto de emprendemento cooperativo. O primeiro dos cursos comeza o 14 de febreiro e a [inscrición](#) permanece aberta. O itinerario formativo pódese realizar por completo, o que supón unha suma de 75 horas, ou tamén se pode realizar o curso que se desexe, de 25 horas, de maneira independente. Os cursos son: «Emprendemento cooperativo para a mocidade» (do 14 ao 29 de febreiro), «Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas» (do 1 ao 17 de marzo) e «Desenvolvendo a idea cooperativa» (do 18 de marzo ao 5 de abril). [+Info](#)



O primeiro dos cursos comeza o 14 de febreiro e a [inscrición](#) permanece aberta. O itinerario formativo pódese realizar por completo, o que supón unha suma de 75 horas, ou tamén se pode realizar o curso que se desexe, de 25 horas, de maneira independente. Os cursos son: «Emprendemento cooperativo para a mocidade» (do 14 ao 29 de febreiro), «Habilidades e competencias para o traballo en equipo nas cooperativas» (do 1 ao 17 de marzo) e «Desenvolvendo a idea cooperativa» (do 18 de marzo ao 5 de abril). [+Info](#)

EVENTOS

Noites Abertas no concello de Pontevedra. En Pontevedra deron comezo a unha nova edición do programa Noites Abertas, cunha ampla variedade de actividades dirixidas á mocidade, gratuítos e sen necesidade de inscrición previa. As xornadas van dende obradoiros de baile, traballos manuais, cociña, xogos tradicionais, deportes en equipo e mesmo faladoiros de sexualidade e de feminismo no que poder compartir experiencias e crear un ambiente de entendemento, sororidade e empatía. Durante os meses de febreiro e marzo ofrécense cursos todos os venres e sábados. Pódese consultar o programa [nesta ligazón](#).




Actividades de Accem polo 8M. A ONG Accem traballa a nivel nacional e autonómico e loita polos dereitos de todas as persoas en situación de vulnerabilidade. Conta con sede en Vigo e este mes organiza actividades polo Día Internacional da Muller de libre acceso. O martes 7 de marzo ás 11 h terá lugar un roteiro pola igualdade desde a oficina de Accem (rúa Conde Torrecedeira nº 74). Recorrerá 15 puntos da cidade para coñecer a historia doutras tantas mulleres referentes na historia da cidade. Tamén se celebrará unha charla-coloquio co título "Abrandares viguesas referentes na historia" o xoves 11 de marzo ás 11h na Casa dá Xuventude (rúa Lopez Moura nº 31). [+Info](#)

Faladoiro sobre a muller no franquismo. O martes 19 de marzo ás 19:00 terá lugar no Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo (Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel, na rúa Joaquin Yáñez 6) un faladoiro de libre acceso titulado "As mulleres pechadas no

psiquiátrico de Conxo durante o franquismo", coordinado por Montse Fajardo, xornalista e investigadora.


CONVOCATORIAS

Certame de vídeos sobre a vida saudable. A Cátedra Vida Saudable da Universidade de Santiago lanza un certame de vídeos en redes sociais dirixido a todo o estudiantado que estea matriculado en calquera titulación de grao, mestrado universitario ou doutoramento das tres universidades públicas galegas. Cada estudante poderá participar cun único vídeo no que deberá presentar a elaboración dun prato saudable. O vídeo deberá publicarse en, polo menos, unha das seguintes plataformas: TikTok, Instagram ou Youtube co cancelo #catedravidasaudableUSC. Con este certame, preténdese fomentar a difusión, o coñecemento e a práctica dun estilo de vida saudable. Outorgaranse dous premios de 200 e 150 euros en cada unha das tres categorías: primeiro prato, segundo e sobremesa. [+Info](#)



Axudas á creación de empresas por persoas agricultoras mozas. A Xunta de Galicia convoca axudas para de apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións por parte de persoas mozas, así como para a incorporación de mozos e mozas á actividade agraria. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 22 de marzo. As solicitudes poden presentarse en <https://sede.xunta.es> co procedemento MR404A.

Premio Galego de Educación para o Desenvolvemento e Cidadanía Global. A Coordinadora Galega de ONGD abriu o pasado mes de febreiro a convocatoria da terceira edición deste premio, que ten como fin recoñecer experiencias educativas transformadoras que fomenten unha cidadanía solidaria, crítica e comprometida coa construción dun mundo xusto. Poderán presentarse docentes ou equipos de docentes de centros de ensino e universidades galegas recoñecidos oficialmente pola Consellería de Educación. Premiaranse 3 experiencias educativas, proxectos e iniciativas pedagóxicas realizadas durante o curso escolar 2022/2023 e/ou 2023/2024, correspondentes a 3 categorías: categoría A: educación infantil e primaria; categoría B: ESO, Bacharelato, FP, centros de ensinanza de réxime especial e artísticas; e categoría C: ensinanzas universitarias. Dous docentes de cada unha das iniciativas gañadoras en cada categoría poderán vivir unha viaxe de 10 días a Guatemala cos gastos cubertos no marco dun proxecto de cooperación internacional e, deste xeito, poderán coñecer o traballo que realiza en terreo a Cooperación Galega. O prazo de presentación de solicitudes rematará o 7 de abril de 2024. A solicitude deberá presentarse por correo electrónico no enderezo premiogalegoed@galiciasolidaria.org. [+Info](#)



III PREMIO GALEGO DE EDUCACIÓN

Para o Desenvolvemento e Cidadanía Global

VOLUNTARIADO

Voluntariado de ASDEGAL de acompañamento a maiores e persoas en soidade.

ASDEGAL (Acción Solidaria de Galicia) é unha ONG que se dedica a moitos ámbitos da xustiza social e, desta volta, busca persoas voluntarias para acompañar a persoas que se atopan soas nas residencias ou nos seus domicilios. A actividade consiste en charlar, pasear, acompañalos aos centros médicos se é preciso, realizar xestións puntuais con eles e, en definitiva, facerlles sentir que non están soas e que non son esquecidas. Os horarios son flexibles ao tratarse de accións puntuais, é posible dedicarse ao voluntariado nas fins de semana para aquelas persoas que só teñen dispoñibilidade eses días. [+Info](#)

**ACOMPANIAMIENTO
MAYORES
O PERSONAS CON ALGUNA NECESIDAD**

AYUDA PARA REALIZAR COMPRAS O ENCARGOS
ACOMPANIAMIENTO EN PASEOS

*No queremos que
te quedes solo/a*

IX PREMIO MUTUALISTA SOLIDARIO FUNDACIÓN AMA

Fundación A.M.A.
seguradora
Fundación A.M.A.

SI ESTÁS INTERESADO, O
CONOCES A ALGUIEN QUE
LO NECESITE, LLÁMANOS

Vigo y Redondela
629 760 176
Pontevedra
604 082 707
A Coruña y Santiago
676 014 763
visita: www.asdegal.org

ASDEGAL
Acción Solidaria de Galicia
ONG de Voluntariado

PUBLICACIONES

Avance de resultados de violencia de género (Barómetro Mocidade e Xénero 2023) elaborado polo Centro Reina Sofía de Fad Juventud. Accede ao informe completo [aquí](#).

Políticas menstruales y desarrollo. Una crítica al abordaje de la menstruación en el ámbito de la cooperación internacional. Accede ao informe completo [aquí](#).

NOVAS DO DUVI

Un estudo feito na UVigo demostra por primeira vez o papel predominante do déficit de transporte de humidade na orixe das secas [+Info](#)

A natureza agroma con forza nos obradoiros de extensión universitaria do segundo cuadrimestre [+Info](#)

Universidade de Vigo e Grupo Ribera renovan convenio de adscrición e lanzan unha cátedra en innovación e saúde [+Info](#)

Arrancan as actividades de celebración do 11F cunha charla interxeracional sobre a muller na ciencia [+Info](#)

A Área de Normalización Lingüística lanza seis cursos para mellorar a formación en lingua galega da comunidade universitaria [+Info](#)

COÑECE ÁS ENTIDADES SOCIAIS DA NOSA CONTORNA

Enxeñería Sen Fronteiras é unha asociación independente sen ánimo de lucro que busca contribuír á construción colectiva dunha sociedade mundial xusta, crítica e solidaria mediante o voluntariado transformador, a cooperación para o desenvolvemento e o uso da tecnoloxía para o ben común. Naceu na Escola de Telecomunicación de Vigo en 1993 e dende entón actúa a nivel nacional e internacional promovendo un modelo de desenvolvemento ambiental e socialmente sostenible, respectuoso coa cultura e a autonomía dos pobos.



No estranxeiro, traballa en Honduras cun programa de desenvolvemento rural e pesqueiro de soberanía alimentaria e defensa do territorio. Tamén en Mozambique, onde traballan co acceso á auga e o monitoreo da seca. A nivel de Galicia, levan a cabo campañas de sensibilización na educación, acoden a centros educativos e comparten as

súas experiencias, organizan concursos didácticos sobre os dereitos humanos... O programa Hackers Sen Fronteiras está dedicado á concienciación do alumnado de secundaria e, no ámbito universitario, coordina o grupo de investigación Artigo9Tech, que pretende crear unha rede de profesorado e colaboradores das tres universidades galegas implicado na cooperación polo desenvolvemento.

Na súa web contan cun amplo abano de materiais didácticos e nos seus boletíns recollen todas as actividades que levan a cabo e tamén outras iniciativas da rede de cooperación galega. [+Info](#)

RECURSOS EN LIÑA

Publicacións en liña en materia de cooperación e desenvolvemento en Galicia (Coordinadora Galega de ONGD) [+Info](#)

Catálogo de publicacións de Cooperación Española [+Info](#)

Outros catálogos en materia de cooperación e desenvolvemento (Cooperación Española) [+Info](#)

Publicacións da asociación Provivenda [+Info](#)

Publicacións de Enxeñería Sen Fronteiras [+Info](#)